



As mulleres no sector TIC

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en: <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



Índice



1. Introducción
2. Contexto europeo
3. As mulleres no sector TIC de Galicia
 - 3.1. O emprego no sector TIC galego desde unha perspectiva de xénero
 - 3.2. A formación académica das mulleres das empresas TIC galegas
 - 3.3. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas.
4. Conclusións e propostas de actuación

1. Introducción

A participación activa das mulleres no sector TIC é esencial para o crecemento e sustentabilidade económica. Non obstante, a pesar dos indiscutibles beneficios que reportaría a completa incorporación da muller no sector TIC, aínda persiste a fenda de xénero.



En primeiro lugar, o acceso das mulleres a estudos universitarios relacionados coas TIC non se produce na mesma proporción que os homes e, a medida que avanza o seu desenvolvemento profesional, están infrarrepresentadas no mercado laboral TIC e, particularmente en postos técnicos e de toma de decisión.

Obxectivos do estudo

- Presentar **datos actualizados** sobre a presenza das mulleres no sector tecnolóxico.
- Identificar as súas **funcións e roles** no cadro de persoal das empresas
- **Recompilar recomendacións** que promovan a incorporación das mulleres en postos cualificados do sector TIC, fomentando a súa participación nos procesos de toma de decisións.

Fontes de información:

- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social (2011 - 2013)
- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas - OSIMGA (2013).
- “Informe She-figures” Comisión Europea (2012)
- “Women in ITC” Digital agenda for Europe (2013)



2. Contexto europeo




Personas graduadas en Ciencia e Tecnoloxía en Europa

PERSOAS GRADUADAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA NA UE27 POR CADA 1.000 PERSOAS ENTRE 20 E 29 ANOS (2005 E 2010)					
Total		Homes		Mulleres	
2005	2010	2005	2010	2005	2010
13,2	12,5	18,0	16,6	8,3	8,3

Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

As mulleres europeas orientan o seu futuro laboral en menor medida que os homes cara ao sector TIC. Entre as persoas graduadas en ciencia e tecnoloxía na UE, a fenda de xénero acadaba en 2010 os 8,3 puntos porcentuais, un dato que mellora lixeiramente o obtido en 2005 (9,7 puntos de fenda).

Participación femenina no sector TIC en Europa



Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

O panorama europeo en canto á participación feminina no sector TIC é pouco alentador: de cada 1000 mulleres graduadas, só 29 o están en TIC (2,9%), e destas, unicamente 4 traballan no sector tecnolóxico (13,8% das graduadas en áreas TIC), a pesar da alta empregabilidade que o sector TIC presenta.


Mulleres no Consello de Administración ou na Xunta directiva de grandes empresas

Número de empresas analizadas: 582 Órgano de toma de decisións			
Presidencia		Membros	
Mulleres (%)	Homes (%)	Mulleres (%)	Homes (%)
3	97	16	84

Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

A composición dos Consellos de Administración ou Xuntas directivas das grandes empresas europeas é un referente para a avaliación dos avances da participación das mulleres no ámbito empresarial. Neste senso, a porcentaxe de mulleres membros de Consellos de empresas europeas (16%) atópase lonxe da paridade, máis aínda se analizamos os cargos de Presidencia, nos que a presenza feminina límitase a un 3%.

Traballadores/as que teñen xefas mulleres no sector TIC e nos sectores de servizos non-TIC



Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

O chamado “teito de cristal” é máis evidente no sector TIC, no que a porcentaxe de traballadores/as que teñen xefas mulleres é do 19,2%, mentres que nos sectores de servizos non-TIC o dato elévase ata un 45,2%.

Percepcións das condicións de traballo no sector TIC e nos sectores de servizos non-TIC

	TIC	Servizos non-TIC
En xeral, está satisfeito/a coas súas condicións de traballo no seu principal traballo remunerado? (1= positivo)		
Mulleres	0,82	0,85
Homes	0,89	0,86
Síntome "na casa" nesta empresa (1= de acordo)		
Mulleres	0,66	0,75
Homes	0,77	0,73
A empresa na que traballo móvome a conseguir o mellor rendimento do meu traballo (1= de acordo)		
Mulleres	0,64	0,66
Homes	0,65	0,65
Pode aplicar as súas propias ideas no seu traballo (1= de acordo)		
Mulleres	0,55	0,72
Homes	0,78	0,74
O seu supervisor inmediato ánimo/a a participar en decisións importantes(1= de acordo)		
Mulleres	0,69	0,76
Homes	0,78	0,78
Ten tempo suficiente para facer o seu traballo (1= de acordo)		
Mulleres	0,66	0,76
Homes	0,76	0,78

Fonte: Informe "Women active in the ICT sector". European Commission.

	TIC	Servizos non-TIC
Padece estrés no traballo (1= de acordo)		
Mulleres	0,27	0,27
Homes	0,23	0,26
Ten sufrido discriminación en función do seu sexo? (1= de acordo)		
Mulleres	0,07	0,02
Homes	0,00	0,01


Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

En xeral, as mulleres tecnólogas sintense menos satisfeitas que os homes que traballan no sector TIC, e incluso, que os/as traballadores/as do sector servizos non TIC.

Ademais, perciben que non poden aplicar as súas propias ideas no seu traballo en moito maior medida que os seus compañeiros nin son motivadas a participar na toma de decisións.

As profesionais do sector TIC perciben, en maior medida que as traballadoras doutros sectores, a discriminación laboral en función de sexo e tamén perciben que non dispoñen de tempo suficiente para realizar o seu traballo.


Participación das mulleres no sector TIC



Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

A participación das mulleres no sector TIC en Europa presenta un balance dispar, sendo os países do Sur e do Este do continente os que amosan os mellores datos neste sentido, cun 35,6% e un 34,3% respectivamente. Nos países do Oeste e do Norte, a participación feminina no sector tecnolóxico sitúase baixo o 30%.


3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia



3.1 O emprego no sector TIC galego desde unha perspectiva de xénero



Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector TIC de Galicia por sexo. Evolución 2011-2013



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

As mulleres representan o 37,5% do total de traballadores/as do sector TIC galego, superando os datos da presenza de mulleres europeas no sector TIC.

A porcentaxe de mulleres empregadas no sector TIC de Galicia mantense estable nos tres últimos anos, aínda que debuxan unha situación de desigualdade de xénero neste sector, cunha fenda de 25 puntos porcentuais entre os homes e as mulleres.

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral no sector TIC de Galicia por réxime. Evolución 2011-2013

Ano 2011


	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,7%	59,3%
Autónomas:	31,1%	68,9%

Ano 2012

	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,4%	59,6%
Autónomas:	30%	70%

Avance xuño 2013


	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	39,9%	60,1%
Autónomas:	29%	71%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

A presenza das mulleres autónomas no sector TIC galego sitúase arredor do 30%, mentres que no réxime xeral, as mulleres representan o 40% dos traballadores do sector TIC. En termos de evolución, a situación non mudou significativamente nos tres últimos anos.

Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por subsectores económicos. Avance xuño 2013



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A presenza das mulleres no sector TIC varía segundo a actividade desenvolvida:

- O dato máis positivo corresponde ás empresas de telecomunicacións, nas que as mulleres representan o 46,4% do total de traballadores/as.
- As comerciais TIC son as que parecen estar máis lonxe dun reparto igualitario entre mulleres e homes, situándose a presenza feminina por baixo do 30%.

A continuación, desglósanse os datos de cada un destes cinco subsectores económicos que conforman o sector TIC por CNAE - 2009

**1. Manufacteiras
TIC**



**2.
Telecomunicacións**



**3. Actividades
informáticas**



4. Comerciais TIC



**5. Outros servizos
TIC**



1. Manufactureiras TIC. Desglose por CNAE-2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral. Avance xuño 2013



% de mulleres


CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos: 29,4%

CNAE 262: Fabricación de ordenadores: 8,3%

CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións: 39,5%

CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo: Sen datos (*)

TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC: 34,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

2. Telecomunicacións. Desglose por CNAE-2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral. Avance xuño 2013



% de mulleres


CNAE 611: Telecomunicacións por cable: 35,2%

CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos: 8,5%

CNAE 613: Telecomunicacións por satélite: sen datos (*)

CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións: 72,6%

TOTAL TELECOMUNICACIÓNS: 46,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
(*) Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

3. Actividades informáticas. Desglose por CNAE-2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral. Avance xuño 2013




% de mulleres

CNAE 620: Actividades de programación e consultaría: 35%

CNAE 631: Proceso de datos: 30,1%

TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS: 34,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


4.Comerciais TIC. Desglose por CNAE-2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral. Avance xuño 2013



% de mulleres

TOTAL COMERCIAIS TIC (CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores) 29,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros servizos TIC. Desglose por CNAE-2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral. Avance xuño 2013




% de mulleres

CNAE 582: Edición de videoxogos: 28,7%

CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos: 33,4%

TOTAL OUTROS SERVICIOS TIC: 32,9%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3.2. A formación académica das mulleres das empresas TIC galegas



Titulación do persoal segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

A formación que posúen os homes que traballan no sector TIC de Galicia está máis enfocada ás áreas tecnolóxicas que a das mulleres. Mentres que o 33,7% dos traballadores do sector son homes que contan con formación TIC de grao medio ou superior, só o 13,4% dos traballadores son mulleres que dispoñen desta mesma formación académica.

As diferenzas de xénero diminúen de xeito considerable nas titulacións superiores e medias non relacionadas coas TIC.


Empresas TIC de Galicia que contan no seu persoal con mulleres con titulación superior TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

Empresas TIC de Galicia que contan no seu persoal con mulleres con titulación media TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as


Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

Unha de cada catro empresas TIC ten empregada algunha muller con titulación TIC superior ou media, concretamente:

- Un 14,4% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación superior TIC
- Un 10,2% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación media TIC

Estas porcentaxes son un reflexo da aínda escasa presenza das mulleres en carreiras tecnolóxicas, que constitúe unha das barreiras para a plena incorporación das mulleres ás empresas TIC.


Empresas TIC de Galicia que contan no seu persoal con mulleres con Ciclos Formativos Superiores TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

Empresas TIC de Galicia que contan no seu persoal con mulleres con Ciclos Formativos Medios TIC



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013


O 17,2% de empresas TIC de Galicia ten empregadas mulleres con Ciclos Formativos TIC, preferentemente ciclos formativos superiores relacionados coas tecnoloxías.

A porcentaxe de empresas TIC que emprega mulleres que contan con Ciclos Formativos TIC Superiores ou medios é inferior á de tituladas TIC (24,6%).

3.3. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas



Empresas TIC de Galicia que contan con mulleres no seu persoal




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

Un 61,7% das empresas do sector TIC galegas contan con algunha muller entre o seu persoal. Non obstante, este dato debe matizarse xa que só no 9,6% das empresas TIC as mulleres constitúen máis da metade do cadro do seu persoal.

Polo tanto, segue a existir un déficit na representatividade feminina no sector TIC galego.


Empresas TIC de Galicia nas que máis da metade do persoal son mulleres



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

Funcións desenvolvidas segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio. Así:


- Os postos directivos teñen un carácter moi masculino: só 2 mulleres de cada 100 profesionais que traballan no sector TIC ocupa un posto de Dirección, fronte ao 8,7% dos varóns.
- Só o 17,6% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 46,4% dos homes.
- No persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (10,5%) é 4 puntos inferior á dos homes (14,5%).

Empresas TIC de Galicia que contan no seu persoal con mulleres:

En postos de dirección



Adicadas ás TIC




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

As mulleres atopan un “teito de cristal” nas empresas TIC de Galicia: A porcentaxe de empresas TIC con asalariados que contan con algunha muller en postos de dirección límitase a un 18,1%.

Por outra banda, o 32,3% das empresas TIC con asalariados/as contan con algunha muller que desenvolve especificamente funcións TIC, o que pon de manifesto a existencia de segregación ocupacional en sentido horizontal nas empresas TIC galegas: as mulleres están, con maior frecuencia, ocupando postos e desenvolvendo funcións diferentes ás dos seus compañeiros varóns.

Persoal en I+D+i segundo o sexo




Base: Persoal adicado a tarefas relacionadas coa I+D+i

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013

As actividades de I+D+i están claramente masculinizadas no sector TIC, onde do total do persoal adicado a tarefas relacionadas coa investigación, o desenvolvemento e a innovación, un 80,8% son homes e o restante 19,2% son mulleres.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres que se dedican a tarefas I+D+i




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2013


A masculinización das actividades de I+D+i reflíctese no dato de empresas TIC que contan no seu persoal con algunha muller que se adica a este tipo de tarefas, un aínda reducido 19,3%.

4. Conclusiones e propostas de actuación



- A pesar da evidencia sobre a importancia de incorporar plenamente ás mulleres no sector das tecnoloxías da información e da comunicación, persiste unha significativa fenda de xénero no sector TIC.
- As mulleres escollen en menor medida que os homes estudos relacionados coas TIC: De cada 1.000 mulleres graduadas en Europa, só 29 fano en áreas TIC e destas, só 4 traballan no sector TIC.
- As mulleres están subrepresentadas no sector TIC, especialmente en postos técnicos e de toma de decisións. “Aínda que este é un problema xeral, a porcentaxe de mulleres con postos de responsabilidade é moito menor no sector TIC que en outros sectores. Tan só o 19,2% das persoas que traballan nas TIC ten unha xefa muller, fronte ao 45,2% das que traballan noutros sectores”.

Factores que limitan a presenza feminina no sector TIC



Fonte: Informe “Women active in the ICT sector”. European Commission.

- Algúns dos factores que determinan estas diferenzas de xénero son de tipo psicológico e/ou psico-social, e a súa influencia sobre o mercado de traballo, especialmente en sectores tan masculinizados como é o sector TIC, é notable.

“A participación activa das mulleres no sector das TIC é esencial para o crecemento a longo prazo de Europa e para a sostibilidade económica “

Os pasos para correxir as desigualdades de xénero no sector TIC son:

1. Actualización dos datos actuais con respecto aos roles das mulleres no sector.
2. Identificación de modelos e traxectorias profesionais para inspirar a mulleres e nenas.
3. Evaluación do impacto económico da incorporación das mulleres no sector.
4. Análise de campañas exitosas en redes sociais que poden ser aplicables aos obxectivos con respecto ás mulleres nas TIC.

En base a estas ideas, dende a Comisión Europea propóñense varias recomendacións:

1. Construír unha imaxe renovada do sector entre as mulleres e a sociedade en xeral.
2. Empoderar ás mulleres no sector.
3. Aumentar o número de mulleres empresarias no sector das TIC.

Argumentos para animar ás mulleres a emprender

Empresarias do sector TIC versus outras traballadoras do sector TIC

Maior satisfacción cos seus traballos

Maior sentimento de logro

Maior remuneración

4. Mellorar as condicións de traballo no sector.

Percepción das condicións de traballo

Mulleres vs.
Homes no sector TIC

- Menos satisfacción coas condicións de traballo
- Menor posibilidade de poñer en práctica as súas ideas
- Máis estrés
- Máis discriminación

Mulleres no sector TIC vs.
Mulleres en outros sectores

- Menor satisfacción
- Menor motivación
- Menos tempo para desenvolver o seu traballo
- Máis discriminación

Asimesmo, desde a Comisión Europea propóñense dúas accións transversais:

- Mellorar a dispoñibilidade de datos, xa que a obtención dunha visión completa das mulleres no sector das TIC vese dificultada pola falta de fontes de datos desglosados por xénero.
- Identificar e intercambiar Boas Prácticas.

- ➔ De seguido, achéganse as propostas en materia de igualdade nas TIC recollidas no Plano do goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes e na **Axenda Dixital 2014.gal** referidas á participación e o empoderamento das mulleres na Sociedade da Información, na procura de diminuír a fenda dixital de xénero e garantir o acceso ás TIC das mulleres de cara á súa incorporación ao mercado laboral, especialmente nos pequenos núcleos de poboación e no medio rural

Potenciar o Centro Demostrador TIC de Galicia

como espazo de emprendemento para que as mulleres poidan desenvolver proxectos empresariais e tecnolóxicos

Fomentar a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Cemit)

para impulsar as TIC entre as mulleres, con especial sensibilidade cara o colectivo feminino e no medio rural

Divulgar e levar a cabo programas formativos orientados a mulleres e asociacións de mulleres: establecendo accións formativas que incentiven unha maior participación das mulleres nas ensinanza técnicas relacionadas coas TIC e na I+D+i.

Desenvolver campañas de divulgación

que faciliten o acceso e mellora da situación laboral das mulleres, especialmente nos postos directivos e de toma de decisións

O Plan de Banda Larga de Galicia, que define a estratexia a seguir para alcanzar as seguintes metas:

- Reducir o desequilibrio territorial proporcionando acceso á banda larga de calidade a toda a poboación galega.
- Impulsar a competitividade e innovación nas empresas proporcionando acceso á banda larga aos sectores produtivos para extraer o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías, e deste xeito dar servizo ás mulleres empresarias e emprendedoras

